

Na escuridade da ditadura crea unha escola participativa, mixta e fortemente vinculada coa cultura galega. A súa vida é unha loita permanente, primeiro por conseguir unha formación que nos anos corenta estaba reservada aos homes dun sector escolleito da sociedade, e logo para facer realidade a escola coa que ela soñara. Estuda Maxisterio e licénciase en Xeografía e Historia. Viaxa por Europa e Cataluña na busca das correntes pedagóxicas máis vangardistas. Hoxe, con 84 anos recentemente cumpridos, comparte connosco na súa casa de Domaio a apaixonante historia da súa vida.

# Antía Cal Vázquez, unha vida de superación

**Gena Borrajo**

Directora de Eduga

Como muller estaba destinada a un papel secundario na sociedade da época. Seus pais loitan por procurarlles aos fillos unha boa educación, o que ten un elevado custo emocional: estar separados unha longa etapa da vida. O matrimonio pasa os dous primeiros anos de casados en Muras, onde nace o primeiro fillo, que deixarán cos avós con apenas tres meses para marchar a Cuba. De feito, Antía e o seu irmán máis novo nacen na Habana. As primeiras experiencias da infancia transcorren nun ambiente intelectual moi rico e marcarán decisivamente o seu futuro. A familia Vázquez, instalada na illa, “eran trece irmáns e todos tiñan carreiras universitarias, tamén as mulleres”.

Con nove anos vén para Galicia con súa nai -Vicenta Vázquez- e co irmán máis pequeno. Nun principio Vicenta fixa a súa residencia en Muras -lugar de orixe da familia- e despois establécese cos fillos na Coruña, onde cursan o bacharelato, e en Santiago, para ir á universidade. Mentres, José Cal -o pai- queda en Cuba, onde pasa moitas vicisitudes ata montar un negocio que lle permitiría asegurarlles aos fillos a formación que el non tivera.

En Muras, na casa familiar do Mesón, “un fogar de labranza e fartura, no que sempre había xente”, a vida de Antía transcorre feliz, aínda que privada do ambiente de intelectualidade vivido ata entón. A pesar de todo, a chama acendida en Cuba non se apagará

xamais. José seguirá a traballar sen descanso para mandar todo o necesario e facer dos fillos homes de proveito. Os rapaces han ir á universidade; para as mulleres, naquel momento, cunha cultura xeral bastaba, o que a Antía lle parecía tremendamente inxusto. Ela era unha boa estudante, e “incluso sacaba mellores notas cós meus irmáns”.

Vicenta, muller intelixente e sabedora das ansias da súa filla, intercede por ela e trata de convencer a José de que ten moi boas maneiras para o estudo e debe facer unha carreira. El proponse que estude Comercio, e a nai dálle un consello: “fai o caso a papá, que logo, se hai cartos para teus irmáns tamén os haberá para ti”.



### As primeiras experiencias da infancia transcorren na Habana, nun ambiente intelectual que marcará o seu futuro

E así é como se titula en Comercio e, á vez, influenciada por unha compañeira, estuda Maxisterio. O esforzo ten a súa recompensa. En 1941 fai realidade o seu soño e ingresa na Universidade de Santiago de Compostela, na que se licencia en Xeografía e Historia con premio extraordinario.

### Antón Beiras, grande amor e compañeiro de viaxe

Nos anos de Compostela Antía non ten moito tempo para saír de ruada. É consciente de máis do sacrificio que fai a súa familia e antes de nada están as súas responsabilidades. Pero é daquela, nos anos de estudante, cando coñece a Antón Beiras, un oftalmólogo galeguista oito anos maior ca ela. Axiña se decatan de que están feitos un para o outro, pero ela ten unha teima: antes de casar quere ter un traballo e unha independencia económica. A pesar de todo, vence o amor, casan e instálanse en Vigo.

Logo chegan os fillos -dous nenos e dúas nenas-. Antía dedícase ao seu coidado e aos traballos da casa, mais nunca abandona a idea de traballar,

“para iso estudara”. Ela será a primeira mestra dos fillos. Ensínalles a ler, a escribir, a expresarse e a localizar países no mapa a través de actividades lúdicas. Tampouco esquece a súa formación neste tempo e cada día destina un tempo á lectura. Antón, lonxe de supoñer un obstáculo, convértese no seu maior apoio, “a miña autoestima era máis ben baixa, pero aí estaba el para darme azos”. Antón sempre preto, sempre disposto a apoiala e a darlle seguridade. Cría na esposa, pero tamén na muller, e iso engrandéceo como persoa, é xusto recoñecelo. Foi “compañeiro, axudante e amante esposo que me facía a vida segura e feliz”. Mágoa que un cancro de estómago acabase coa súa vida, con tan só 52 anos.





Con el Antía entende o verdadeiro significado da palabra galeguismo. Ela, coa xente da aldea si falaba o galego, pero “con el era outra cousa”. E, sobre todo, sentía medo, porque entón, usalo en medios intelectuais era motivo de sospeita e persecución. Recordaba a Antonio, un mestre fusilado por retirar o crucifixo da escola; e a Cerdeiras, o alcalde de Viveiro que, por ser galeguista e fiel á República, correa a mesma sorte.

Aínda así o galeguismo envolve o ambiente e cando Antía pensaba na súa escola -“laica, mixta, bilingüe, liberadora, igualitaria, aberta...”- Antón sempre apostilaba: “ben, pero todo iso en galego”. E acaba por abrazar definitivamente o idioma das súas orixes. O seu compromiso coa lingua será tal que ata a súa sogra lle reprocharía o feito de que os seus netos o falasen, despois dos esforzos que a familia fixera para que os fillos “tivesen estudos e falasen castelán”. Era o tempo da ditadura, no que a lingua correcta era a oficial, a dos que estudaran, a das clases acomodadas. O galego estaba reservado para o rural e para as clases traballadoras. Pero no

fogar dos Beiras Cal “todo fluía con naturalidade” e a lingua de relación non podía ser outra que a lingua de Galicia.

#### **As viaxes por Europa**

Con Antón viaxará por Europa, el na procura de avances médicos sobre o estrabismo, ela coa intención de entrar en contacto coas tendencias pedagóxicas dos países máis avanzados. Así chega a Xenebra en 1955 e coñece de cerca a pedagogía de Pestalozzi. Entre as ideas do afamado pedagogo, a que máis a engaiola é a defensa dunha educación básica para as mulleres, porque elas son as primeiras mestras dos fillos e as que lles poden ofrecer unha educación de calidade, tan importante nos primeiros anos de vida.

### **Antía entra en contacto coas tendencias pedagóxicas dos países máis avanzados**

¡Que próximas lle resultaban a Antía estas ideas! Naquel intre sabía, “máis por intuición que pola formación recibida”, que a educación infantil era de vital importancia. E que se pode dicir da formación para as nenas, co que ela pelexara por reivindicar tal dereito.

Xenebra vai ser un referente na súa vida profesional. Ten moi presente un velliño que no Museo Pedagóxico daquela cidade argallaba entre papeis intentando poñer orde no legado do gran pedagogo. Tamén unha alumna súa que daquela traballa en París, na UNESCO, e que por recomendación del, Antía e Antón visitan nesa mesma viaxe. Sente mágoa ao non lembrar o nome destas dúas persoas ás que tanto admira e ás que tanto lles debe, primeiro pola orientación para os seus fillos e logo polos consellos telefónicos que recibe deles nos primeiros anos do Rosalía.

Antón e Antía tiñan unha fonda preocupación pola educación dos fillos. “Aquel home díxome que España era pioneira en pedagogía antes da guerra, e mencionou a escola da República e a Institución Libre da Ensinanza”, pero

todo arrasara a ditadura. De Xenebra saen convencidos de que a formación que querían para os fillos non podían atopala aquí. Xa en París, e “despois de escoitar aquela muller da UNESCO, preguntamos polo país de Europa que tiña o mellor sistema educativo. Pensou un momentíño e sinalou: tendo en conta calidade e cantidade, Inglaterra”.

Na viaxe de volta para Vigo, Antía e Antón xa teñen unha decisión tomada: mandan estudar a Londres a Hixinio, o fillo maior, que só ten seis anos e medio. Para planificar a viaxe e buscar centro de estudos e residencia, póñense en contacto con Mr. Mann, que despois tería un destacado papel como profesor de inglés no Rosalía. “A partir de aí houbo que apertar o cinto e enviar un por un para Inglaterra”. “Non deixaba de sentir certo desacougo ao ver como marchaban os fillos”. Pero a experiencia foi magnífica, tanto que Antía -a súa filla- díxolle aínda hai pouco tempo que o que máis lle agradecía é que a mandase estudar alí.

#### **A súa grande obra: unha escola liberadora.**

En 1962 ponse en marcha o Colexio Rosalía de Castro. Antía explica que a decisión definitiva lla debe ao seu fillo Hixinio. Xa viñera de volta de Inglaterra -alí estiveron escolarizados cada un oito anos-. Un día estaba sentado ao pé dunha árbore mirando cara ao mar e moi pensativo. Antía preguntoulle que lle pasaba e el respondeu “se non houberse mar, podería ir na bicicleta ata Inglaterra”, polo que decidiu que había que poñer remedio e púxose en marcha coa creación da escola que ela soñara.

A experiencia educativa dos fillos servíulle de moito á hora de deseñala. Tamén os consellos recibidos en Xenebra e en París, así como as ideas que discorrían pola correspondencia con eles. O concepto estaba claro, pero precisaba cartos para facelo realidade. Na casa vivían sen grandes apuros, mais non tiñan diñeiro para afrontar unha obra de tal envergadura. Os catro

## **En Xenebra, antes da guerra, consideraban España pioneira en pedagogía e mencionaban a escola da República e a Institución Libre de Ensinanza**

fillos estudaban e os ingresos de Antón, cunha visión moi social da medicina, non daban para máis. Pola súa cabeza pasa a idea de lles pedir axuda aos pais. Antón trata de disuadila, “quero que aproveites os estudos que fixeches, pero non compliques a economía familiar dos teus pais, que xa a teñen bastante amolada”. Aínda así, non había outro camiño. Antía explícallo á familia e esta apoia o proxecto.

A escola Rosalía de Castro abre as súas portas en Vigo, na Gran Vía, a carón da Praza de España. En principio acolle a nenos e nenas de tres a nove anos. Os principios pedagóxicos que a definen están, aínda hoxe, de plena actualidade:

- A escola está formada por alumnos, educadores e pais, e todos deben participar na actividade educativa.
- A escola debe ser unha fábrica de pensamento, de vías de razoamento, de creación e de tolerancia, que facilite a construción de coñecemento por parte dos alumnos.
- Todo na escola debe ser linguaxe. Hai que primar a lingua como vehículo de expresión, de comprensión e de aprendizaxe, con especial atención á lingua propia, o galego.
- Cómpre preponderar a atención á persoa, pero hai que desenvolver nos nenos asemade o sentimento de pertenza ao grupo. A aprendizaxe non se produce unicamente a partir das

interaccións cos adultos, senón tamén cos iguais.

- A educación debe ser interdisciplinar, porque os feitos non ocorren illadamente.
- A educación de nenos e nenas debe ser conxunta para facilitar a tolerancia, a comprensión e a relación entre as persoas.
- Hai que apoiar o traballo en equipo para coordinar esforzos e conseguir metas comúns entre todas as persoas implicadas no proceso educativo.

As linguas vehiculares que se adoptan no Rosalía son o castelán e o inglés. O galego estará moi presente de forma viva e sentida, pero non dun xeito regular e sistemático, porque entón iso non era posible. “Fóra da exposición dos contidos na clase, falabamos sempre galego, que era a nosa lingua”. Xa no tempo da democracia, Antía diralle ao profesorado que o segredo para instalar o galego non está en suspender os alumnos, senón no cariño, “non se pode ensinar o galego como se fose o inglés”.

Nun desexo de aproximar o coñecemento de Galicia aos alumnos, a cada aula do Rosalía asígnaselle un nome relacionado con persoas do mundo da cultura, e tamén do pobo. Deste xeito, ao lado de Concepción Arenal ou Neira Vilas, conviven as aulas de Labregos ou Mariñeiros. Son iniciativas que chocan coa administración da época e, en máis dunha ocasión deberán sortear obstáculos por este motivo, aínda que o feito de ser unha escola privada axuda e aquilo era un oasis no medio do deserto. Mais, en palabras de Antía, “nada había peor que a sensación de se sentir sós no medio do ermo cultural, intelectual e político do franquismo”.

#### **A súa relación con Marta Mata**

Para Antía, Marta Mata foi “grande amiga e gran mestra”. Entra en contacto coa Asociación de Mestres Rosa Sensat de Barcelona a través dunha carta que chega a Galaxia,

coa que Antón colaboraba. Nela convidaban os mestres galegos a reunirse e traballar por unha escola mellor. O texto está en catalán, o que nun primeiro momento supón para ela un atranco. Unha vez máis, o pulo de Antón: “falas galego, falas castelán, entendes máis ou menos o francés, ..., de que tes medo? Non podes ter pexas co catalán”. Faille ver tamén que Cataluña está na vangarda da educación e que lle queda máis cerca que Xenebra ou París.

Corría o ano 1967. Nese momento diagnóstícanlle a Antón a terrible enfermidade que acabaría coa súa vida, polo que Antía non pode ir ese ano. En 1968 falece Antón e Antía só atopa forzas para seguir adiante nos fillos e no Colexio Rosalía.

## **O peor dos tempos do Rosalía era “a sensación de sentirse sós no medio do ermo cultural, intelectual e político do franquismo”**

En xullo de 1969 vai á Escola de Verán Rosa Sensat e para entender o que ese encontro significa para ela, nada mellor que as súas propias verbas: “A lingua da escola era o catalán, pero o ambiente era extraordinariamente amigable”. “O

contorno era unha auténtica festa chea de mocidade afable”. “Había películas, diapositivas, música, clases abertas, debates...”. “Dende o primeiro momento tiven a sensación de estar nun territorio liberado, dentro do ambiente miserento da época”. “Antón tiña razón: alí estaba o meu mundo”.

A partir dese momento, e durante 25 anos, viaxará cada verán a Barcelona. Tamén traerá a Galicia profesionais dese colectivo para espallar a súa pedagogía. No ano 2004 recibe unha homenaxe da Escola d’Estiu Rosa Sensat. Con este colectivo fai grandes amizades, entre as que Marta Mata ocupará un lugar destacadísimo, unha amiga de confidencias e un espello no que mirarse.

